


**MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19 EN PROCESOS
SELECTIVOS PARA ACCESO A PRAZAS DE BOMBEIRO/A NO CONCELLO DE VIGO
(XIMNASIO DO CARME PAVILLÓN DAS TRAVESAS): PROBAS DE CORDA, ESCALEIRA
HORIZONTAL E VELOCIDADE 10X5**

As probas físicas, de acordo coas bases, faranse en varios días, que se poden alargar en función do número de aspirantes que accedan a súa realización, a duración das probas e das medidas excepcionais que a situación actual de pandemia obrigan a adoptar.

Estas medidas teranse en conta para a celebración das probas ás que fan referencia. En todo caso, deberán respectarse as indicacións das autoridades sanitarias vixentes en cada momento.

1. MEDIDAS A ADOPTAR NAS PROBAS QUE SE REALICEN NO XIMNASIO MUNICIPAL DAS TRAVESAS

As probas de subir a corda e flexións en escaleira horizontal (combinada) e velocidade 10x5 correspondentes á oposición de bombeiros/as (OEP 2017, 2018 e 2019) realizaranse no ximnasio do complexo deportivo municipal das Travesas, espazo amplo de 30,15 m x 10,70 m (algo máis de 320 m²). Non existe ningunha instalación ao aire libre que permita a celebración da proba combinada, e as bases establecen que a de 10 x 5 deberá realizarse en instalación cuberta.



O acceso ao ximnasio realizarase pola entrada da rúa do Carme. Neste acceso hai unha pequena explanada separada por unha verxa da rúa.

Os/as aspirantes serán convocados gradualmente, elixindo unha das seguintes opcións segundo decida o tribunal, tendo en conta en todo caso para facer esta convocatoria a duración aproximada da proba:

-De forma que cada vez que un/ha aspirante remate a proba e abandone a instalación outro/a aspirante se incorpore.

-Convocando grupos de 3 aspirantes.

Sexa cal sexa a opción elixida, no interior do ximnasio non haberá máis de 3 aspirantes simultaneamente, un facendo a proba e os outros na zona sinalizada de quentamento.

Ademais, se o tribunal o estima conveniente, poderá haber aspirantes esperando na explanada localizada no exterior, entre a verxa e a porta de acceso ao edificio, garantindo en todo momento que se manteñen entre eles/as a distancia mínima de seguridade de 2 m, en número nunca superior a 6. No chan marcaranse os puntos nos que estes aspirantes deberán esperar. Membros do tribunal ou persoal de apoio deberán controlar o acceso tanto da verxa, para garantir que non haxa máis de 6 persoas e que manteñen a distancia, coma no edificio, para que non accedan se non é a súa vez.

Cada aspirante realizará nunha sesión a proba combinada (corda con recuperación de 30 seg conforme as

SPPRL-CV 13/2021





bases, e escaleira horizontal e noutra sesión a proba de 10x5. No esquema da última páxina se describe como están distribuídas as probas e zonas de quentamento no ximnasio. A convocatoria realizarase tendo en conta un tempo estimado por aspirante para a realización das probas non inferior aos 3 minutos para a proba combinada e de 2 minutos para a de 10x5. O tribunal deixará ademais un descanso duns 30 minutos na metade da sesión para axustar posibles atrasos.

Respectaranse as seguintes indicacións:

- Previo ao inicio das probas realizarase unha ventilación completa da instalación. As ventás e portas permanecerán abertas todo o tempo que duren as probas. É necesario avisar con tempo ao persoal do servizo de Deportes para que realicen a apertura das ventás.
- Non se permitirá a asistencia de público ás probas físicas para minimizar o número de persoas e reducir ao mínimo posible o risco de contaxio.
- Os/as aspirantes acudirán coa roupa e calzado de deporte que utilizarán na realización das probas. Non se permitirá o uso dos vestiarios.
- Os aspirantes esperarán no exterior, ocupando un dos puntos sinalizados no chan para garantir que se mantén a distancia de seguridade entre eles. Estes puntos estarán separados entre eles 2,5 m.
- O chamamento de admitidos/as para a celebración da proba selectiva realizarase coa máscara posta.
- No momento do chamamento o/a participante mostrará á persoa que realiza a chamada o seu DNI estendendo o brazo para permitir a súa visualización mantendo a distancia de seguridade.
- Cada aspirantes ao ser chamado lavarás as mans con solución hidroalcohólica, substituirá a máscara que leva pola que se lle facilite e pasará ao interior. Haberá unha mesa no acceso para este proceso.
- No momento do acceso ao interior do ximnasio indicáraselle a cada participante que lave as mans con auga e xabón nos lavabos do ximnasio para evitar esvarar nas probas a realizar despois de utilizar o xel hidroalcohólico. Hai 2 aseos, cada un cun aforo máximo para 2 persoas, polo que, se é necesario, se repartirán entre os dous aseos. Unha vez rematada a proba combinada colocarán a máscara e volverán aos aseos a lavar as mans con auga e xabón (coa magnesita o xel hidroalcohólico non é efectivo)
- A utilización da máscara é obrigatoria, agás no momento de realización da proba. Tan pronto como se remate a súa realización será colocada de novo.
- Deberá manterse unha distancia mínima de 4 m co aspirante que realiza a proba. Entre as demais persoas presentes (tribunal, xuíces, aspirantes quentando e posible persoal de apoio) deberán gardarse mínimo de 2 m de distancia.
- Cada aspirante que espera a realizar a proba permanecerá na zona de quecemento sinalizada, da que non sairá ata que llo indique o tribunal. Haberá tres zonas de quecemento sinalizadas no chan do ximnasio de forma que se garanta que se manteñen 2,5 m de distancia, nas que é obrigatoria a utilización de máscara.
- No acceso ao recinto estará sinalizado o uso obrigatorio de máscara, a obriga de desinfectar as mans e de manter a distancia de seguridade.
- Os membros do tribunal, os xuíces e o persoal de apoio levarán durante a celebración destas probas físicas máscara de protección FFP2/FFP3, que non retirarán en ningún momento (salvo para realizar os descansos necesarios se se prolonga a duración da proba, que poderán realizar por quendas na zona lateral exterior, accedendo por calquera das portas laterais).

SPPRL-CV 13/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 2 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 26E5DH-BC44BD-2CBD3F-PAX6D7-RZV FY6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- Se se permite beber durante o exame, a máscara será retirada o tempo imprescindible para realizar a inxesta.
- O tribunal deberá ter en conta a duración prevista das probas para realizar as convocatorias graduadas, tendo en conta que é necesario evitar as aglomeracións que se producirían en caso de que se produzan atrasos.
- Para evitar estas aglomeracións en caso de atrasos imprevistos, o tribunal enviará aviso aos/ás aspirantes do atraso que leva a proba mediante sms utilizando o sistema disposto por Administración Electrónica do Concello de Vigo. Este aviso se enviará tan pronto como o atraso na proba sexa de media hora. O atraso da proba tamén se sinalizará no exterior.
- Estarán abertos os dous aseos para homes e mulleres para o lavado de mans con auga e xabón que terán sinalizado o aforo máximo (máximo dúas persoas por aseos), que deberá respectarse en todo momento. Non se permitirá o seu uso con fin distinto ao lavado de mans salvo urxencia. Periodicamente deberán ser desinfectados.
- Cada aspirante poderá deixar as súas pertenzas no chan do ximnasio, na zona de quentamento que indique o tribunal.
- O recinto conta cunha sala de illamento en caso de que algún aspirante desenvolva síntomas durante o tempo de espera ou de realización da proba. Esta sala de illamento é un dos vestiarios de balonmán, situadas nunha pequena edificación xunto ao ximnasio con acceso directo saíndo pola porta lateral do ximnasio.
- O tribunal deberá gardar un rexistro daqueles aspirantes que coincidan simultaneamente no ximnasio. Neste rexistro estará ademais recollida a zona de quentamento utilizada por cada opositor. Este rexistro deberá gardarse durante polo menos un mes.

2. PROBAS

2.1.- Subir e baixar a pulso unha corda lisa, descanso de 30 segundos e escaleira horizontal

- Antes de acceder ao ximnasio os/as aspirantes lavarán as mans con auga e xabón (non utilizarán xel hidroalcohólico para evitar esvarar na escaleira) respectando o aforo máximo e mantendo a distancia mínima de seguridade. Poderán utilizarse indistintamente o de homes e o de mulleres, segundo indicacións do tribunal, de forma que se respecte o aforo máximo indicado (dous persoas por recinto de aseos).
- Os aspirantes deberán levar a súa propia magnesita se a queren utilizar. Non lles será proporcionada para realizar a proba.
- Non poderán retirar a máscara ata que o tribunal o indique, no momento de comezar a proba. Cando retiren a máscara a introducirán nunha bolsa ou sobre.
- Cada vez que unha persoa remate a proba, o chanzo da escaleira horizontal no que se realizaron as flexións e o anterior serán desinfectados. Para esta desinfección deberá de utilizarse pano desbotable empapado en etanol ao 70% como mínimo ou outro desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade para o seu uso fronte ao coronavirus SARS-CoV-2 que sexa de rápida evaporación e non deixe restos que podan afectar á proba. A persoa que realice a desinfección utilizará a plataforma que se colocará xunto á escaleira horizontal para este fin, e utilizará luvas de protección química e biolóxica, ademais de máscara FFP3/FFP2.

SPPRL-CV 13/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 3 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 26E5DH-BC44BD-2CBD3F-PAX6D7-RZVfy6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**2.2. Velocidade 10x5 m:**

- Antes de acceder ao ximnasio os/as aspirantes lavarán as mans xel hidroalcohólico.
- Seguiranse as medidas xerais indicadas para uso do ximnasio, insistindo en que o uso da máscara é obrigatorio en todo momento, agás cando o tribunal o indique para iniciar a proba. Tan pronto como se remate a proba a máscara se colocará de novo.
- Unha vez rematada a proba o aspirante abandonará a instalación e outro aspirante poderá acceder ao interior.
- As bases permiten a repetición a proba de velocidade 10x5 unha vez que todos/as os/as aspirantes a teñan realizado. Cada aspirante que queira repetir a proba o notificará ao tribunal, que o citará tendo en conta a hora prevista de finalización da proba e o número de aspirantes anteriores que tamén solicitaran repetir a proba. Aquelas persoas que queren repetir a proba deberán abandonar as instalacións e inmediacións ata a hora que lle corresponda.
- Se algún dos participantes cae durante a realización da proba o chan será desinfectado utilizando o mesmo desinfectante que se utilice para desinfectar os chanzos da escaleira.

3. ACTUACIÓN EN CASO DE QUE ALGÚN DOS ASPIRANTES PRESENTE SÍNTOMAS COMPATIBLES COA COVID-19

Non poderán acudir a realizar a proba aquelas persoas que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aquelas persoas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19. Tampouco acudirán aqueles que se atopen en período de corentena domiciliaria por manter un contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19.

Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

En caso de que un/ha participante inicie síntomas compatibles coa COVID-19 durante a celebración da proba de selección, informará inmediatamente a un membro do tribunal ou persoal de apoio. Se procederá a facilitar unha máscara cirúrxica ao participante, e un membro de tribunal colocará unha máscara FFP2 ou FFP3 e unha pantalla facial e acompañará ao participante á sala illada e con ventilación prevista para esta circunstancia (sala COVID) localizada nun dos vestiarios de balonman, situadas nunha pequena edificación xunto ao ximnasio con acceso directo saíndo pola porta lateral do ximnasio. Se o/a participante está en condicións volverá polos seus propios medios ao seu domicilio. Se non fose así, contactarase co teléfono do médico de atención primaria do afectado ou o de información da Xunta para a COVID-19 (900 400 116) e seguiranse as súas indicacións. Para residentes fora de Galicia chamarase ao 881 00 20 21. No caso de que a persoa que inicia síntomas estea en situación de gravidade ou teña dificultades para respirar chamarase ao 061.

En caso de que quen presente síntomas sexa un membro do tribunal ou persoal de apoio, proporcionaráselle unha máscara cirúrxica e en caso de poder irse ao seu domicilio polos seus propios medios, marcharase. De non ser así, illarase na sala prevista e chamará aos teléfonos indicados no parágrafo anterior. Se necesita que

SPPRL-CV 13/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 4 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 26E5DH-BC44BD-2CBD3F-PAX6D7-RZVY6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



alguén lle acompañe, o/a acompañante utilizará máscara FFP2 ou FFP3 e pantalla facial.

Unha vez a persoa illada abandone o recinto, este ventilarase e darase aviso para que se proceda a súa limpeza e desinfección, así como ao baleirado da papeleira onde se depositaran máscaras, panos desbotables ou outros produtos utilizados polo sospeitoso de padecer COVID-19, que se desbotarán seguindo o protocolo correspondente (a bolsa de lixo será extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto).

En caso de que nos días seguintes á celebración do exame algún/ha participante sexa diagnosticado positivo en COVID-19, solicítase o comunique ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

4. MATERIAL NECESARIO:

- Xel hidroalcohólico: autorizado polo Ministerio de Sanidade, con efecto virucida (conforme a UNE 14476) e rexistro na AEMPS.
- Solución desinfectante para limpeza de superficies: Disolución de lixivia (1:49) recentemente preparada ou calquera desinfectante incluído no listado de virucidas autorizado polo Ministerio de Sanidade destinado a usuarios público en xeral, salvo que a desinfección se realice por parte de profesionais coa capacitación necesaria para usar os produtos de uso profesional. Listado actualizado no seguinte enlace:
https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf
- A solución desinfectante e pano desbotable poden ser substituído polo uso de toallíñas empapadas en solución desinfectante, que deben estar incluídas no listado de virucidas autorizado polo Ministerio de Sanidade.
- Etanol ao 70% como mínimo ou outro desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade para o seu uso fronte ao coronavirus SARS-CoV-2 que sexa de rápida evaporación e non deixe restos que podan afectar á proba para a limpeza de chanzo na escaleira horizontal.
- Máscaras desbotables:
 - hixiénicas (conforme a UNE 0064-1:2020 + ensaio de laboratorio no que aparezan claramente identificados os valores de eficacia de filtración bacteriana (BFE \geq 95) e respirabilidade ou presión diferencial (<60 Pa/cm²). Recoméndase que o laboratorio estea acreditado para realizar estes ensaios pola entidade de acreditación do seu país (en España ENAC, <https://www.enac.es>) ou, de non estar especificamente acreditado para o ensaio, estea acreditado por ENAC como laboratorio para ensaios/productos similares e teña experiencia contrastada.
 - cirúrxicas (con marcado CE conforme a UNE 14683:2019+AC:2019 + ensaio de laboratorio no que aparezan claramente identificados os valores de eficacia de filtración bacteriana (BFE \geq 95) e respirabilidade (<60 Pa/cm²)+ declaración de conformidade)
- Papeleiras dotada de bolsa para o lixo, tanto no recinto previsto para o exame (deberá haber como mínimo unha na porta de acceso e unha na sala COVID). Nesta sala a bolsa de lixo será dobre.
- Sinalización de uso obrigatorio da máscara, obriga de desinfectar as mans, obriga de manter a distancia de seguridade.

SPPRL-CV 13/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 5 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 26E5DH-BC44BD-2CBD3F-PAX6D7-RZVfy6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org>



- Sala de illamento, que deberá contar con ventás para garantir a ventilación.
- EPI:
 - Máscara FFP2 ou FFP3 sen válvula de exhalación: EPI categoría III con marcado CE conforme á UNE EN 149:2001+A1:1010 + declaración UE de conformidade emitido polo fabricante + certificado de exame UE de tipo expedido por organismo notificado.
 - Pantalla facial: EPI categoría III con marcado CE conforme á UNE EN 166 campo de uso 3, protección fronte salpicaduras de líquidos, para quen acompañe á persoa que presente síntomas compatibles coa COVID-19.
 - Luvas: EPI categoría III con marcado CE conforme á EN 374- 5:2016 (inclúe pictograma de risco biolóxico coa palabra VIRUS debaixo deste), para quen presente feridas, cortes, vendas ou férulas nalgunha man.
- Panos desbotables (pode ser bobina de papel desbotable).

SPPRL-CV 13/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 6 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 26E5DH-BC44BD-2CBD3F-PAX6D7-RZVY6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**ANEXO: Indicacións para aspirantes a incluír nas convocatorias das probas da desenvolver no ximnasio municipal das Travesas. Bombeiro/a e condutor/a bombeiro/a.**

- Ningunha persoa acudirá á realización da proba se está en corentena, foi diagnosticada como positiva en COVID-19 e non finalizou o período de illamento, presenta síntomas compatibles coa COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se atopa en período de corentena por haber tido contacto estreito cunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- Non se permitirá a utilización dos vestuarios polo que os/as aspirantes deberán acudir coa roupa que vaian utilizar na realización das probas.
- A magnesita NON será facilitada pola organización da proba. Se a quere utilizar deberá levala. A barra onde se realizan as flexións será desinfectada despois do seu uso por cada aspirante.
- Non acudir acompañados/as para evitar aglomeracións.
- Deberá ser puntual na hora da convocatoria para o chamamento. En caso de que a proba vaia con atraso, recibirá un sms con aviso para que se presente máis tarde. Respete estas indicacións para evitar aglomeracións.
- Antes de acceder á zona de realización do exame deberá lavar as mans con solución hidroalcohólica e a continuación lle será entregada unha máscara para garantir que todas son conformes a normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. Deberá retirar a que leva posta e colocará a que se lle entrega. No acceso haberá unha papeleira con tapa e pedal dotada de bolsa de lixo para que poda tirar a que levaba posta se así o desexa. Se a quere conservar, teña previsto como facelo para axilizar a entrada.
- Unha vez acceda para realizar a proba combinada será conducido/a aos aseos para lavar as mans con auga e xabón. O xel hidroalcohólico pode facer que esvare nas probas a realizar.
- A utilización da máscara é obrigatoria agás no momento de realización da proba. Non será retirada ata que o tribunal llo indique. Deberá levar unha bolsa ou sobre para gardala mentres se realiza a proba. Recoméndase levar máscara de reposto por se se deteriora a que leva posta.
- En caso de que algún/ha participante pertenza ao grupo de poboación vulnerable fronte á COVID-19 e necesite dalgunha adaptación indicada polo seu profesional sanitario, o comunicará ao órgano convocante no prazo máximo de 3 días hábiles dende a publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, xustificando esta vulnerabilidade adecuadamente mediante certificado médico.
- Deberá manter a distancia de seguridade en todo momento, tanto no interior como no exterior das dependencias. No exterior ocupará un dos puntos sinalizados no chan. No interior estará na zona de quecemento que lle indique o tribunal ou persoal de apoio ata o momento de realizar a proba.
- No exterior, segundo a persoa máis próxima a porta abandone o punto que ocupaba ao ser chamado, o seguinte ocupará o seu lugar. Todos se desprazarán cara ao punto seguinte. O chamamento realizarase co suficiente volume como para permitir que escoite perfectamente. Serán convocados de forma graduada para evitar aglomeracións.
- Os/as aspirantes deberán levar cuberta calquera ferida ou corte que teñan nas mans.
- Ensine o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.

SPPRL-CV 13/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 7 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 26E5DH-BC44BD-2CBD3F-PAX6D7-RZVfy6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- Tralo chamamento seguirá as indicacións do tribunal ou persoal de apoio. Esperará na zona de quentamento que se lle indique, sen abandonala ata que sexa chamado para realizar a proba.
- Non se permitirá o uso dos aseos salvo urxencia. En caso de utilizarse, respectaranse os aforos e manterase a distancia mínima de seguridade en todo momento.
- Respectarase a sinalización do recinto en todo momento (distancia de seguridade, límite de aforo, sentidos de circulación, correcto lavado de mans). Mentres está sen máscara (durante a realización da proba),deberá gardar unha distancia mínima de 4 metros con calquera outra persoa presente.
- Unha vez finalizada a proba abandonará as dependencias e inmediacións.
- As bases permiten a repetición a proba de velocidade 10x5 unha vez que todos/as os/as aspirantes a teñan realizado. Cada aspirante que queira repetir a proba o notificará ao tribunal, que o citará tendo en conta a hora prevista de finalización da proba e o número de aspirantes anteriores que tamén solicitaran repetir a proba. Non se permitirá que aquelas persoas que queren repetir a proba esperen nas instalacións ou inmediacións.
- Se nas seguintes 72 horas á celebración do exame é diagnosticado/a positivo/a en COVID-19, solicítase o comunique ao Concello de Vigo no correo electrónico ofi.persoal@vigo.org por se fora necesaria a adopción de medidas preventivas.
- No caso de aparición de síntomas durante a celebración da proba avisarase ao tribunal ou persoal de apoio. O recinto conta cunha sala COVID ao que será conducido neste caso. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

SPPRL-CV 13/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 8 de 9

Expediente 36581/220

CSV: 26E5DH-BC44BD-2CBD3F-PAX6D7-RZVY6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



ESQUEMA DISTRIBUCIÓN PROBAS FÍSICAS

